

EXERCICIOS DE APOIO

LEMBRA

Un tipo especial de monólogo é o **monólogo interior** ou «fluír da conciencia».

O monólogo interior permite a expresión dos pensamentos máis íntimos dos personaxes, tal e como se producen no cerebro humano antes de ser formulados conscientemente mediante palabras. Deste modo, os pensamentos reproducense no momento en que brotan, sen unha organización lóxica nin gramatical. Trátase dunha «palabra interior», posto que non sae do pensamento.

Características:

- Mestura de ideas.
- Enunciados curtos, ás veces sen verbo principal e sen sentido completo.
- Abundancia de signos de puntuación: puntos suspensivos, interrogacións, admiracións...

«¿Como será a proxima sesión? ¿Volverán esperar a que empece a quedar durmido? Non, non durmirei, non pecharei máis os ollos. Tereinos ben abertos. ¿Que me farán na próxima sesión? Firmarei o que me poñan. Covarde. Si, está ben, serei un covarde. Pero ¿que? A verdade é que non teño nada que dicir., De min non poden sacar ningún segredo. ¿A quen vou prexudicar entón? Pero, ¿e se firmo unha acusación contra Bieito e a Amparo?»

X.M. Martínez Oca, A fuxida.

ACTIVIDADE 1

Fíxate nestes dous monólogos.

TEXTO A

Vaia tempo, eh. Empeza ben o día. Non para, a que se pon a chover non ten parada. Antes todos chamabamos pola chuvia, que se había seca, que se secaba a verdura, que se no inverno había arder o monte, qué sei eu. E agora aí tedes a chuvia. E a min gústame a chuvia, eh, coidadiño, que se me falta moito tempo aínda parece que me falta algo. Qué había ser de nós, que somos coma herba, sen chuvia. Tamén o que ten a chuvia é que fai que te deas máis conta de como pasa o tempo, que o notes máis, como se dixeramos. Iso é certo, tan certo coma que o tempo pasa atravesándonos e leva sen trégoa pedaciños de nós. Tan certo. Mesmo ás veces paréceme como que o sinto en atravesándome. Máis ca nada cando chove. [...]. Xa está, xa me entrou a morriña e xa me puxen na filosofía. En canto chove, a que me descoido, zas, xa estou na filosofía. E conste que non me desgusta. Positivamente. Pero cando leva moitos días a chover así xa me parece que me falta o aire, que acoro. Vaime entrando unha cousa así para adentro, para adentro, que te vai tomando, que te vai tomando. Como unha morriña, como unha melancolía qué sei eu.

Suso de Toro, Tic-Tac, Edicións B

TEXTO B

Si porque el nunca antes fixera tal cousa como pedir o almorzo na cama cun par de ovos desde o Hotel City Arms cando acostumaba facer que estaba malo en voz de enfermo como un rei para facerse o interesante con esa vella bruxa da señora Riordan que el imaxinaba que a tiña no bote e non nos deixou nin un can todo en misas para ela soa e a súa alma grandísima tacaña como non sei viu outra con medo a sacar catro peniques para o seu alcohol metílico contándome todos os achaques...

Jaimes Joyce, *Ulises*

- a) Que diferenzas observas entre ambos?
- b) Cal deles é un monólogo interior? Por que?

ACIVIDADE 2

TEXTO: Le o fragmento de: *Arrabaldo do norte*, de X. M. FERRÍN, que aparece na antoloxía, e responde.

- a) Cal é a modalidade discursiva predominante neste fragmento. Explícao e pon exemplos.
- b) Analiza o punto de vista e os personaxes.
- c) Relaciona o texto co seu autor e coas características da corrente literaria na que se insire.

ACTIVIDADE 3

Querido aviador

O neno, reclamando pola forza da súa estrela, acaba de regresar ó asteroide B 612, despois dunha longa viaxe polas estradas do universo. Coñecera personaxes de diferente condición e rango: borrachos, vaidosos, reis... No seu corazón, agora fragmentado, portaba moreas de cousas invisibles que lle producían unha enorme mágoa.

Dun peto sacou un papel no que un aviador, que coñecera no deserto africano, lle debuxara unha caixa. Observouna con ollar claro e agarimoso. Un sorriso tenro pasou nos seus beizos. Ben sabía que alí dentro estaba o año que lle pedira. Abriuna e asomaron dous faros preguntóns. Colleu o año no regazo e fíxolle cóxegas no pescozo e no lombo. Pasou a man repetidas veces por aquela branca e crecha, e bicouno nunha aperta.

—¿Ves, año? Este é o meu pequeno planeta —dixo

O año, famento, ollou unha fermosa flor que conversaba fachendosa coas bolboretas. Brincou do colo do cativo cara á ela.

—¡Non por favor! —pediulle o neno. É a miña flor, a única. Non a intentes comer ou terei que che poñer o bozo.

—Teño fame —protestou o año.

Fina Casalderrey: *Querido aviador*.

a) A que obra da literatura universal evoca este texto? En que o notas? Indaga sobre o autor.

ACTIVIDADE 4

Un millón de vacas

Non ía de negro senón cun vestido estampado azul e branco e levaba sobre os ombros un chal da color da prata vella, como prolongación dos cabelos. Fíxome sinal de stop desde a sombra da marquesina e, cando me detiven, asomou con resolución pola xanela do auto uns ollos de curuxa con gafas de cuncha.

¿E logo irá para Vigo, ou non?

Preguntouno coma se realmente non houbera outro sitio a onde poder ir. Gracias, neniño, déchesme a vida, dixo despois de acomodarse no asento e retocar o pelo coas mans. Na radio daban os sinais horarios das cinco da tarde e logo soou a sintonía do informativo. Alí o son intruso que se interpuña entre os dous, explicou de seguida que perdera o coche de liña e que tiña vez no médico. A esta idade non che temos máis que achaques, neniño, ser vello éche unha desgracia. En Galicia, dicía o locutor, hai aproximadamente un millón de vacas. Que va, señora, díxenlle eu por cortesía, non diga iso. Parvadas, dixo ela, pensan que somos parvos, ¡un millón de vacas!, pasan o día dicindo parvadas. Apaguei a radio e virose cara a min con rostro satisfeito. Nada do que din é certo, neniño, nada do que din é certo.

Preguntoume que onde vivía e respondílle que non sabía moi ben. Ando de aquí para aló. Ela sorriu. Os mozos sodes un caso. Eu vivín en Madrid. ¿Coñeces Madrid? Ata hai moi pouco vivín en Madrid. Teño un fillo alí, marchou a traballar e alí casou. Un día apareceu na casa, en Soutomaior, eu estaba pelando nas patacas e díxome anda mamá, colles as cousas e veste comigo. E díxenlle eu pero neniño, e que fago cos animais, e coa casa, ¿quen vai coidar da casa? E el díxome mira mamá, xa haberá quen coide dos animais, deixámosllos ós veciños, e a casa, a casa ninguén a leva. E así foi. Funme para Madrid.

¿E gustoulle Madrid?

¿Que? Moito. Gustoume moito.

A vella revolvía no bolso e sacou un pequeno espello e unha barra de labios.

Gustoume moito, dixo despois do arreglo. Pero non podía durmir. O meu fillo vivía nun piso, un pisiño, pero estaba ben. En fin, podía pasar. A nora é unha xoia. Eu sempre quixen que buscara unha moza da terra, pero, en fin, casou alí, e dígolle que a rapaza é unha marabilla, moi delgadita, iso si, pero moi xeitosa. Non me deixaba tocarlle a nada. Nin fregar os pratos me deixaba. Tu mamá —chamábame mamá—, a descansar que ya has tenidos bastantes traballos. Eu, miña filla, como todo o mundo. Que no mamá, que te sientes. Pero, aí neniño, o que non podía era durmir. As paredes sonche de papel. No piso de arriba tiña un crío, unha criaturinha que, claro, poñíase a chorar. Xusto enriba da miña tiña o berce. ¿Queres crer que os desgraciados dos pais nin se levantaban para acariñalo? Noite tras noite, e o crío chorando coma unha vítima ata que calaba de cansancio, meu pobre. A min comíanme os demos. Un día encontrei no portal á nai e díxenllo, por estas que llo dixen. Díxenlle que se non tiña alma, deixar chorar así á criatura. ¿A que non sabes o que me contestou a descarada? Usted métase en lo suyo. Iso foi o que me dixo, mala chispa a confunda. Pero o peor non foi iso.

Mireina de esguello, tiña os beizos apretados e refregaba as mans.

O peor foi que iso mesmo me dixo a nora. Non son cosas suyas, mamá, cada uno vive su vida. Aquela noite o neno volveu chorar. A min comíanme os demos. Así que marchei. ¿Que lle parece? Marchei ó día seguinte.

Baixando polo Meixueiro recortábase no fondo a silueta caótica de Vigo, coma unha descoidade medianeira no paraíso da ría.

¿Vai á residencia?

Non, non. Déixame á entrada que xa eu me arreglarei.

Se quere, achégoa ó médico; teño tempo abondo.

Volveuse a negar, pero cando parei o coche no semáforo da praza de España púxome a man enriba do xeonllo e arrimouse como para dicirme unha confidencia. ¿Sabes onde está a Nova Olimpia? Quedei sorprendido, pero díxenlle que si. Si, creo que si. Pois déixame alí. Hoxe hai baile da terceira edá. ¿Sabes? Cando volví de Madrid, botei un noivo.

¿E non será médico?

¡Non, que vá!, dixo ela chorando de risa.

Manuel Rivas, *Un millón de vacas*

Fai un breve comentario sobre o contido deste conto, relaciónao co autor e a época. Expressa unha opinión persoal razoada.

ACTIVIDADE 5

Aquí tes un conto protagonizado polo terror e onde se confunde a realidade e fantasía.

O conto segue a estrutura típica dos relatos de suspense. Ata o final non nos decatamos certeiraamente do que sucede. Fai unha segunda lectura e sinala as pistas que o autor nos vai dando sobre a natureza fantasmal do Suso.

O SUSO

A voz do Suso Chegou a min fortemente, como unha corneta que rinchase:

—Manolito. Baixa. Baixa.

Eu obedecín. Todos os rapaces da Barbaña obedeciamos ao Suso. El era sorprendente. Tiña uns ollos escuros; ollos de animal de baixoterra, opacos, fixos. Non era posíbel deixar de cumprir os seus desexos. El non mandaba, simplemente desexaba. Estivera tirando pedriñas contra os vidros da miña habitación. Eu abrira a fiestra e el berroume duro:

—Manolito. Baixa. Baixa. Baixe. Descolgueime pola vella cepa, máis vella que o meu avó, aquela tan vella que facía garda inmóbil na porta da nosa casoupa da Barbaña.

—Hai un rapaz no río —díxome o Suso. Eu non lle mandei se é que o rapaz afogara. Pero voltei a testa, inquirindo, como a testa dunha víbora. Respondeume:

—Está cerca da Pasarela. Ten os ollos abertos...éche un rapaz.

Detívose e perguntoume pregando o entrecello:

—¿Tes medo?

¿Ía eu permitir que o Suso supuxera aquilo? En verdade tiña medo.

Pero o caso é que todos os rapaces da Barbaña tolearían depracer se o Suso os fora tirar do leito ás dúas da mañá para ir ver un afogado. E eu mesmo sentía un pracer xugoso e doce, como se mordera unha grande mazá que me enchera a boca.

—Non. Non teño medo. ¿E logo? Puxémonos a andar á beira do río. A néboa era lixeira, coma un cristal algo suxo. Facía frío. Saíra con roupa de menos e cando me din de conta daba dente con dente.

—Estóu atarecido, Suso. El non respondeu. Agora que recordo xa non dixo máis nada en todo o tempo que durou o noso camiñar á beira do río.

Daba eu un paso e un medo novo botábame unha poutada igual que un gato bravo, alritado.

O río da Barbaña fede: alí concéntrase toda a merda de Ourense.

Ergueuse vento e tiveron máis frío. Pero, sobre todo, molestoume o gran rumor dos canavais, axitados como unha cabeleira erecta que berrase. Fixeime no Suso. O Suso sempre tranquilizaba coa cara morena e a fina el tiña e os xeitos seguros. E a ponto estiveron de berrar: o Suso ía coa cabeza baixa camiñando con pasos inseguros, todo denotando nel inseguridade. Fiquei perplexo e pareime, cos ollos moi abertos, el non fixo máis nada que isto: olloume fixamente, fixamente. Como soio el sabía ollar. Eu recuperei a calma no acto.

Saquei dous pitos que lle roubara ao meu pai. O Suso dixo que non coa cachola. Eu acendín un. Pareime. O Suso seguía a andar. Deime de conta de que as pegadas do Suso non erguían absolutamente ningún ruído e por segunda vez estiveron a punto de berrar... Pero mordín o labre inferior e seguí, notando que un delgado sangue me escoaba polo queixo. O Suso parouse. Estaba algo lonxe de min, enriba dunha cañería de formigón armado. Pareceume alto e lonxe. E moito. Berroume como adoitaba berrar, como unha corneta.

—Manolito. Xa chegamos. Está na beira. Ti busca por alí. Eu vou por alá.

As últimas palabras removéronme e puxéronme carne de galiña. Tatexei.

—Non... Non... E el repetiu:

—Eu vou por alá.

Vin desaparecer os seus ollos opacos e poderosos. Foise. E eu púxenme a buscar o rapaz afogado a respandor escasísimo que viña do bairro do Couto.

O vento rizaba a auga porca da Barbaña. E batíame o fedor na cara coma unha suxa mao. Metín un pé no río e mordeume un frío agudo.

E atopei ao rapaz afogado, na beira, a flor de auga. Foise o medo inexplicablemente. Era un rapaz —visto entre a néboa, entre a auga, á luz lonxana do Couto— de proporcións parellas ás do Suso ou ás miñas. Chamei:

—Suso. Suso. Suso. Fungaban —iso si— as canas, pero o Suso non me respostou.

—Suso. Suso. Suso. Deille a volta moi asustado, pero sen medo. Deille a volta. O rapaz afogado tiña ollos de animal de baixoterra. Tiña os ollos do Suso. Tiña a admirada cara do Suso. O rapaz afogado era o Suso.

Botei un berro liso e longo como unha lombriga. A néboa espesara. O vento quería fender os canavais. Voltei a berrar e o berro foi outra vez longo e repulsivo. Caín. Erguinme. Inicieí unha carreira cega.

Ao final da miña fuxida de pequena besta horrorizada, estaba a miña casa. E metínme na cama acorado e molladísimo.

Pasou o tempo. Pasou o que quedaba de noite, nun estado de semiinconsciencia.

E toda a rapazallada do barrio comezou a berrar embaixo da miña fenestra:

—Manolito. Manolito. O Suso afogou onte no río. O Suso afogou onte no río.

Erguínme e mirei o río. Era día grande. Non había néboa.

Xosé Luís Méndez Ferrín. *O crepúsculo e as formigas.*

SOLUCIÓNS

ACTIVIDADE 1

Fíxate nestes dous monólogos.

a) Que diferenzas observas entre ambos?

Ambos textos reproducen o monólogo dun personaxe. A diferenza máis visible entre eles é a ausencia de signos de puntuación no segundo. No primeiro hai referencias, apelacións, a unha segunda persoa *aí tedes a chuvia* que, nalgúns casos funciona como desdobramento do eu, *fai que te deas máis conta de como pasa o tempo, que o notes máis, ...que te vai tomando*. En ambos a partir dunha idea inicial mestúranse outras, divágase, afástanse da idea inicial...

b) Cal deles é un monólogo interior? Por que?

O segundo texto reproduce mellor o monólogo interior, fluír de conciencia. A maneira de expresar graficamente o pensamento é prescindindo dos signos de puntuación reflectindo así o caos das ideas antes da súa ordenación a través da linguaxe.

O primeiro é un monólogo reproducido en estilo directo, pero posterior á formulación lingüística do pensamento.

ACTIVIDADE 2

a) Cal é a modalidade discursiva predominante neste fragmento. Explica e pon exemplos.

A modalidade predominante é a descrición. Caracterízase pola ausencia de acción. Trátase, neste caso, da descrición do espazo. Este caracterízase por ser un espazo urbano, nos arrabaldos dunha cidade, composto por unha praza e un entramado impreciso de rúas e calexóns, suxo, descoidado, húmido e balorento. Descríbense tamén obxectos do mobiliario urbano da cidade, un banco, unha farola..., as casas... A descrición faise a través do único cristal da fiestra dunha casa, *ou millor, un único chinelo de carta e media de lado*. Abunda a categoría nominal, substantivos e adxectivos, moitas veces repetidos para crear unha atmosfera decadente e húmida: *ista zona (tán mollada, tán barolenta), o tépedo e húmido aire de nosoutros*, esta parte da vila construíuse sen plan urbanístico ningún, antes era zona de prados, *dos pequenos cotarelos húmidos, dos muíños, dos regueiros por todas partes*, nun chan tan vexetal e tan húmido *abroiaron as casas, coma fungos. Un muro que fora branco, verde agora [...] por unha especie de mofo, balor, ou carriza moi lene. Un muro que antigamente tiña sido caleado e agora parecía verde [...], por causa de unha especie de mofo, balor, ou carriza moi lene que criaba*.

A urbanización da antiga zona de prados, que foi feita sen orden ningún aparece descrita coma unha maraña de ruelas escuras: *rúas embeleñadas, prazas comunicadas antre elas, madeixa de rúas incoherentes, pequenas rúas sen dirección fixa, canellóns, calexóns, curiosísimos calexóns sen saída, pequenas prazas de forma vagamente elíptica, ovoide ou polo menos arredondeada, rúa sen iluminar, estreita, coma un río de sombra...*

b) Analiza o punto de vista e os personaxes.

A descrición esta feita desde o punto de vista do narrador que se encontra na súa casa, ollando a praza, o arrabaldo do norte, a través do único cristal da fiestra. Primeiramente fai unha descrición xeral do arrabaldo e sobre todo xustifica o seu coñecemento amplo e preciso do lugar: *que diga o doutor Kleines se eu coñezo ou non coñezo ben o arrabaldo do norte... Eu nacín no barrio norte da vila e sei que [...] posúo a verdade, aunque seña somentes unha pequena verdade*. Nesta primeira parte é onde mellor se percibe un narrador-protagonista, en primeira persoa, “eu”, que, loxicamente, participa tamén no relato. O que se describe está filtrado pola súa ollada e a súa percepción, facendo unha descrición subxectiva ao introducir nela valoracións persoais: *abroiaron casas, como fungos; proliferación de casas-fungo; un cecaís escesivo número de pequenas prazas; curiosísimos calexóns; madeixa de rúas incoherentes; homúculos orgullosos, reconcentrados, tímidos e malvados...*

Para alén da descrición espacial, hai tamén un personaxe que aparece na praza, non se dan moitos detalles do seu aspecto físico. É un ser impreciso, descoñecido, describíñse os seus movementos e a súa actuación. O tratamento descritivo que se dá a este personaxe non é moi diferente ao do banco, a luz da farola ou ás casas, parece unha cousa máis do escenario da praza. A aparición deste personaxe anónimo, o home do banco, fai que a descrición camiñe nunha dupla dirección: da fiestra ao home (con banco e farola), visión do narrador, e do home á fiestra, cando o personaxe repara nas casas e non pode ver ben a de quen o espreita. *Diante miña hai unha fiestra, ou mellor dito, un chinelo cadrado de carta e media de lado, cun único cristal* (no comezo do relato). *Veleiqué unha fiestra, ou mellor dito, un chinelo cadrado de apenas carta e media de lado, cun único cristal* (cando a través del distingue a praza e o home). *Non lle deixa ver a casa pequena, cáseque casoupa, sen patín, coa porta da entrada a ras da terra e unha única fiestra, ou mellor, un único chinelo de carta e media de lado, mais alá de cuio cristal, [...] eu vexo como il pon unha perna enriba da outra...* (cando o home do banco esculca nas casas que rodean a praza)

c) Relaciona o texto co seu autor e coas características da corrente literaria na que se insire.

Arrabaldo do norte publicouse en 1964, encádrase no primeiro ciclo narrativo de Xosé Luís Méndez Ferrín, dentro da Nova Narrativa Galega. Neste fragmento podemos constatar algunhas características do movemento como:

- Experimentalismo enunciativo, con influencia do obxectalismo francés (*nouveau roman*)
- A figura humana concibida como obxecto.
- Renuncia á omnisciencia.
- Espiral descritiva arredor dun mesmo obxecto. Neste caso o espazo.
- Ambientación urbana.
- Suspensión do relato, ausencia de acción. Exhaustividade descritiva.
- Protagonismo de seres marxinais, dos arrabaldos.

Na novela de Ferrín *Arrabaldo do norte* predomina a técnica obxectalista do *nouveau roman* francés: un personaxe anónimo na procura dun obxectivo impreciso nunha cidade sen nome... Abundan as descricións demoradas dunha xeografía urbana desolada e despoboad.

ACTIVIDADE 3

a) A que obra da literatura universal evoca este texto? En que o notas? Indaga sobre o autor.



O Principiño (en francés *Le Petit Prince*), publicado en 1943, é a novela máis famosa do aviador francés Antoine de Saint-Exupéry, que escribiu namentres se hospedaba nun hotel de Nova York. É un conto filosófico, moi poético que, baixo a aparencia dun conto infantil, aborda temas tan profundos como a vida e o amor, a morte, a amizade, as actitudes e as preocupacións da vida.

Nas conversacións entre o narrador e o principiño, o autor revela a súa propia visión sobre a estupidez da humanidade e a sinxela sabedoría que os adultos semellan esquecer cando medran.

A obra está igualmente ilustrada polo propio autor. Os seus debuxos, sinxelos e dun estilo se cadra algo infantil, son tan célebres como o libro mesmo.

Ata o momento, vendeu xa máis de 50 millóns de copias en todo o mundo. Moitas veces é empregado como lectura para os que comezan a estudar unha lingua estranxeira.

Fixéronse máis de 180 traducións d'**O Principiño**, con máis de 500 edicións. Foi traducido ao galego, en 1972, polo escritor Carlos Casares.

ACTIVIDADE 4

Comentario breve

O relato “Un millón de vacas” pertence ao primeiro libro de narrativa —co mesmo título— de Manuel Rivas, o autor máis lido da nosa literatura tanto dentro como fóra das nosas fronteiras. Esta obra eríxese como un fenómeno de crítica e lectores a principios do 90.

Neste texto albiscamos algunhas das características que identifican a narrativa do autor coruñés.

O texto é un conto literario coas características propias do xénero: o ambiente é urbano, máis con directísimas indicacións cara ao rural que se presenta coma contrapunto. Os personaxes teñen a caracterización específica como elemento de xogo para expoñer a mensaxe pretendida. A muller amosa moitas das particularidades da persoa maior nun principio dependente do destino dos fillos. A súa visión dos acontecementos funciona como recurso irónico.

Rivas neste conto apela máis as súas virtudes humorísticas ca ás líricas. Consegue que o lector se sinta identificado coa caracterización e coa conversa dos personaxes ao ser un feito habitual na sociedade galega levada ao eido humorístico e irónico. Lendo o conto, decatámonos da intención de parodiar un desleixamento por parte das novas xeracións de galegos que abandonan as orixes por unha suposta mellor vida e por un suposto progreso.

Argumento: Unha muller xa madura fai autostop e recóllea un home que ten que escoitar a historia recente da vida da señora. Esta cóntalle algo sobre a súa vida na aldea para logo explicarlle os cambios na súa nova experiencia en Madrid levada polo seu fillo e a súa nora. Defende esa vida para logo, engordíño, ir comentando moitos aspectos que non vivía na súa aldea e que para ela son novidosos e nada agradables. E como decide voltar ás súas orixes.

Un tema recorrente na escrita de Rivas é o contraste entre a Galicia rural e a urbana, así como os fíos que discorren entre unha cultura e outra e a súa interacción. Neste relato desenvólvese esta temática a través dos personaxes, principalmente a vella, un dos personaxes principais, eixe sobre o que xira a trama.

Tema: Descrición do cambio de hábitos na vida da muller, personaxe rural metido nun ambiente urbano.

A **estrutura** da mesma segue o esquema clásico de presentación, nó e desenlace.

A primeira parte (desde o inicio ata «nada do que din é certo») introduce aos personaxes.

Un condutor, que exerce de narrador en primeira persoa, recolle a unha vella que fai autostop para ir, supostamente, ao médico en Vigo.

A personaxe da vella é un tipo que segue as pautas tópicas de comportamento (queixábase da saúde, desconfía dos demais —medios de comunicación—), o que contrasta dun xeito divertido co propio feito de estar facendo autostop.

A segunda parte (desde «Preguntoume onde vivía» ata «Marchei ao día seguinte») é o núcleo da narración, e nel a señora convértese en protagonista absoluta, como mostra o feito de se converter na narradora principal.

Temos, xa que logo, unha historia encaixada dentro da historia marco, recurso que achega este relato á tradición oral das historias contadas.

Nesta historia móstrase perfectamente a mentalidade tradicional galega da señora —apego á terra, á casa— antes de marchar a Madrid, onde se produce o total contraste da maneira de vivir —non pode traballar e sobre todo a relación cos demais, que pasa do interese común e sociabilidade da xente da aldea, á privacidade do ámbito urbano, mesmo na familia—. Ela séntese incapaz de adaptarse e resolve retornar ao seu hábitat natural, a aldea.

Na terceira parte («Baixando polo Meixueiro» ata o remate), unha vez finalizada a historia da vella en Madrid, prodúcese o desenlace no diálogo final ao chegaren a Vigo.

A señora, que en todo momento se mostrou preocupada polo seu aspecto físico, confésalle ao seu chófer que non vai ao médico, senón a un baile porque botou mozo.

A conversa final, tinguida de humor, mostra como os personaxes gañaron a confianza suficiente como para que a señora confese o seu propósito e a súa felicidade de volta na terra, e en Vigo, que malia ser unha cidade, non deixa de ser a aldea máis grande de Galicia.

Cómpre destacar como manexa perfectamente a técnica do relato breve Manolo Rivas, xa que en ningún momento hai un feito, unha referencia, unha palabra que lle reste un ápice de interese e emoción ao conto, para resolvelo maxistralmente nas últimas liñas.

Opinión argumentada

A narrativa dos 80 e 90 presenta unha mudanza importante. A aparición na literatura do ambiente urbano (xa iniciado nos anos 60) que se oporá ao tradicional ruralismo. Os cambios sociais que experimentou Galicia en tan pouco tempo provocaron que toda unha xeración pasase da vida achegada ao mundo dos seus pais e da aldea a un cambio na procura de traballo nas cidades. Foi o éxodo rural, que pouco a pouco deixaría aldeas practicamente baleiras, cara ás industrializadas cidades, símbolo de progreso.

Os autores destes anos, ao faceren unha literatura eminentemente urbana, rompen co lazo das lembranzas e vivencias do mundo rural, de xeito que nos presentan unha narrativa disociada entre un mundo e o outro. A natureza fronte a velocidade e

incomodidade do pretendido progreso urbano.

Rivas amosa a traxedia de moitas persoas que, se superficialmente expresan ledicia polos cambios da época, no fondo as orixes tiran demasiado creando unha sensación oculta de frustración e incompreensión.

ACTIVIDADE 5

Aquí tes un conto protagonizado polo terror e onde se confunde a realidade e fantasía.

O conto segue a estrutura típica dos relatos de suspense. Ata o final non nos decatamos certeiraamente do que sucede. Fai unha segunda lectura e sinala as pistas que o autor nos vai dando sobre a natureza fantasmal do Suso.

Nas breves referencias que se fan ao aspecto físico do Suso, centrada nos seus ollos e mirada, xa se pode apreciar esa presenza fantasmal *“el era sorprendente. Tiña uns ollos escuros; ollos de animal de baixoterra, opacos, fixos”*. Esta descrición repítese a medida que avanza o relato: *“Vin desaparecer os seus ollos opacos e poderosos. Foise.”* E no final *“O rapaz afogado tiña ollos de animal de baixoterra. Tiña os ollos do Suso.”* A súa voz tamén ten un aquel de sobrenatural *“A voz do Suso Chegou a min fortemente, como unha corneta que rinchase”, “Berroume como adoitaba berrar, como unha corneta”, “As últimas palabras removéronme e puxéronme carne de galiña”,* o mesmo ca o seu silencio: *“El non respondeu. Agora que recordo xa non dixo máis nada en todo o tempo que durou o noso camiñar á beira do río”*.

O ton autoritario do Suso cando falaba, provocaba o respecto e “admiración” nos outros rapaces: *“Todos os rapaces da Barbaña obedeciamos ao Suso. Non era posíbel deixar de cumprir os seus desexos. El non mandaba, simplemente desexaba. todos os rapaces da Barbaña tolearían de pracer se o Suso os fora tirar do leito ás dúas da mañá para ir ver un afogado”* e outra vez a súa mirada *“olloume fixamente, fixamente. Como soio el sabía ollar.”*

A noite, a néboa, o fedor, o vento... son elementos que crean un ambiente misterioso e de terror, contribúen a aumentar o medo de Manolito e a presenza fantasmal do Suso: *“Ergueuse vento e tiveron máis frío. Pero, sobre todo, molestoume o gran rumor dos canavais, axitados como unha cabeleira erecta que berrase”* *“O vento rizaba a auga porca da Barbaña. E batíame o fedor na cara coma unha suxa mao.”* *“Era un rapaz — visto entre a néboa, entre a auga, á luz lonxana do Couto—...”* *“Fungaban —iso si— as canas, pero o Suso non me respostou.”* *“A néboa espesara. O vento quería fender os canavais.”* E sobre todo o Suso é máis pantasma cando as súas pegadas non soan na noite camiño do río: *“Deime de conta de que as pegadas do Suso non erguían absolutamente ningún bruído e por segunda vez estiveron a ponto de berrar...”*